

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE AGOSTO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D. Juan González Leirós

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e tres de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 17 DE AGOSTO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 17 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 17 de agosto de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 10 de agosto de 2022, pola que se modifica a Orde de 20 de xaneiro de 2022, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de

Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-GenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724 B). DOG núm. 158, do 22-08- 2022

- Escrito de don Juan Maria Abalo Cástex, concelleiro do grupo municipal Popular, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dende o día 12 de agosto ao 11 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. APROBACIÓN DO PROXECTO “DESCRIPCIÓN TÉCNICA PARA A REFORMA DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE BREXO-LEMA”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: 6XZCXG4YnObaTAq9gK14), relativa á aprobación do proxecto “Descrición técnica para a reforma da planta baixa do Centro Sociocultural de Brexo-Lema”, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E OBRAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Concello de Cambre dispón do proxecto denominado “Descrición técnica para a reforma da planta baixa do Centro Sociocultural de Brexo-Lema”, redactado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electronicamente o 18 de agosto de 2022.

Este proxecto ten por obxecto o acondicionamento da planta baixa do local municipal sito en Pousadoira, Brexo, Cambre, co obxecto de ampliar o cuarto que fai as veces de “office”, dotándoo a súa vez, dunha ventilación natural ao exterior da que carece actualmente. Os traballos a realizar serán os seguintes:

- Demolición dun tabique e escadas existentes.
- Apertura dun hoco na fachada para posterior colocación dunha ventá de aluminio lacado e unha celosía de lamas horizontais do mesmo material.
- Execución de tabiquería autoportante de placas de xeso laminado, para cerrar o cuarto que se amplía.
- Reconfiguración e construción da escaleira que se demolen.
- Remates de albañilería e adaptación das instalacións.
- Pintado interior en paramentos verticais e horizontais con pintura plástica.

Por todo elo,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Descrición técnica para a reforma da planta baixa do Centro Sociocultural de Brexo-Lema”, redactado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electronicamente o 18 de agosto de 2022.

Segundo: Notificar aos interesados.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: 6XZCXG4YnObaTAq9gK14), resultando

aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. APROBACIÓN DO PROXECTO “DESCRIPCIÓN TÉCNICA PARA A AMPLIACIÓN DE DESMONTE E MURO PERIMETRAL EN BREXO (POUSADOIRA)-CAMBRE”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: VLmtBmatK13DvP3+P/pl), relativa á aprobación do proxecto “Descrición técnica para a ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira)-Cambre”, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO E OBRAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Concello de Cambre dispón do proxecto denominado “Descrición técnica para a ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira)-Cambre”, redactado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electronicamente o 18 de agosto de 2022.

Este proxecto ten por obxecto a ampliación da actuación que se está a executar no lugar de Pousadoira (lindante co Centro Sociocultural Recreativo), parroquia de Brexo, consistente no desmonte e a construción dun muro de contención perimetral, para posteriormente poder construír un anexo ás instalacións deportivas alí existentes.

Polo tanto,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado ““Descrición técnica para a ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira)-Cambre”, redactado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electronicamente o 18 de agosto de 2022.

Segundo: Notificar aos interesados.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: VLmtBmatK13DvP3+P/pl), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO”, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS 2021” A PROL DO LICITADOR “CANARGA, S.L.” NO PREZO OFERTADO DE 101.074,38 EUROS SEN IVE, 122.300,00 EUROS IVE INCLUÍDO

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de agosto de 2022 (CVD: RctfYTF5vKe8ePSJoD2E), relativa á adxudicación da obra de “Reordenación da Rúa María Mariño”, obra incluída no Plan provincial de

cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS 2021" a prol do licitador "Canarga, S.L." no prezo ofertado de 101.074,38 euros sen IVE, 122.300,00 euros IVE incluído, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra de "Reordenación da Rúa María Mariño", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS 2021" cun valor estimado de 102.875,75 euros e un orzamento base de licitación de 102.875,75 euros sen IVE, 124.479,66 euros IVE incluído.

Vista a acta da Mesa de Contratación designada para o presente expediente de data 22 de xuño de 2022, na que consta a proposta de adxudicación formulada a prol de "Canarga, S.L."

Vista a documentación aportada polo adxudicatario.

Visto que con data do 03 de agosto de 2022 (CVD: nUjex/oJlJAFD2FANW7+), emitíuse informe polo arquitecto municipal relativo á acreditación dos medios persoais e materiais necesarios para a execución da obra, no que conclúe que:

"En el punto 8 del Informe Técnico (CVD: /ssYiYHClfPMaM5Alu3U) relativo a la contratación de referencia se establecían los medios personales y materiales requeridos para la ejecución de dicha obra. Con fecha 05/07/2022, (Código seguro de verificación de la Plataforma de Contratación del Sector Público: FGEDM_ODQ/X_VF971_15405), CANARGA S.L.. aporta la relación de los medios personales y materiales que se adscriben al servicio, comprobándose que tales medios se corresponden con los requeridos según el citado Informe Técnico".

Visto que consta no expediente o informe da Tesourería Municipal de data 27 de xullo de 2022 (CVD: nUjex/oJlJAFD2FANW7+), acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin á data final de presentación de ofertas (31 de maio de 2022) nin na data do informe.

Visto o informe proposta emitido con data de 18 de agosto de 2022 pola secretaria accidental e o interventor municipal (CVD: 2ejRCuhccgH7RFqetiuh).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 03 de xuño de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela a proposición da única empresa presentada, "Canarga, S.L.", por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 11.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e achegar debidamente cuberto o modelo de declaracións e compromisos segundo o disposto na Cláusula 12.B.1 do este Prego.

- Canarga, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 22 de xuño de 2022, a seguinte valoración de clasificación da proposición presentada e admitida no presente expediente, correspondente á documentación contida no “sobre B” presentado pola empresa admitida á licitación para a adxudicación, por procedemento aberto, das obras contidas no “PROXECTO DE REORDENACIÓN DA R/MARÍA MARIÑO. CAMBRE”. (exp. 2021/C003/000005), sinalando que ao superar a puntuación mínima esixida para a **Fase I** (12,50 puntos segundo establece a cláusula 15.1 do Prego), a empresa valorada continúa no proceso selectivo.

1. *Fase I. Criterios no evaluables mediante formulas (cláusula 12 (25 PUNTOS))*

- a) *Plan de control de calidade*
- b) *Programa de traballo*
- c) *Programa de actuación medioambiental*

EMPRESAS	TOTAL F1
CANARGA S.L.	20,15

Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 22 de xuño de 2022 a valoración da oferta económicas e demais criterios avaliáveis de forma automática e do Anexo IV, **Fase II** do PCAP, co seguinte resultado:

2. *Fase II: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliáveis de forma automática e no Anexo IV,*

Puntuación económica	Val.	Estabilidade en el empleo	TOTAL
4,90		15	19,90

A puntuación global obtida por “Canarga, S.L.”, é a seguinte, sen que a oferta presentada incorra en baixa temeraria:

Puntuación FASE 1	Puntuación FASE 2	TOTAL	Temeraria
20,15	19,90	40,05	No

Terceiro: De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación con data do 22 de xuño de 2022, adxudicar o contrato para a obra de “Reordenación da Rúa María Mariño” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS 2021” (Exp:202/C003/000005) a prol do licitador “Canarga, S.L.” no prezo ofertado de 101.074,38 euros sen IVE, 122.300,00 euros IVE incluído.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, procedendo seguidamente á publicación da

formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado.

Quinto: Designar director de obra e responsable do contrato a don Álvaro Vázquez Herreo, enxeñeiro de camiños, canles e potos, colexiado número 12.885, que forma parte do equipo de traballo de CIMARQ, Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L., adxudicataria do servizo de redacción de proxectos e direccións de obra Área de Urbanismo e Obras (TEDeC 2021/C004/000004), a quen, de conformidade co establecido no art. 62.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Designar a don Francisco Jesús Cobas Fernández, Enxeñeiro Técnico Industrial (col 1575 COETICOR), coordinador de seguridade e saúde, da entidade *Gallega de Coordinaciones S.L.*, adxudicataria do expediente incoado a tal efecto na plataforma TEdEC, ao número 2020/C004/000022, e atribuir o control de calidade da obra á entidade *3C Calidad y Control, Sociedad Cooperativa Galega*, adxudicataria do expediente incoado a tal efecto na plataforma TEdEC, ao número 2020/C004/000021.

Sétimo: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao director de obra, ao coordinador de seguridade e saúde así como á entidade que exercerá o control de calidade da obra, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de agosto de 2022 (CVD: RctfYTF5vKe8ePSJoD2E), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 11 ao 18 de agosto do 2022, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1421/2022 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 1446/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1421/2022	11-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local 17 de agosto de 2022
1422/2022	11-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de agosto de 2022
1423/2022	11-08-2022	Aprobación Campaña de Nadal (informe aprobado no expediente relacionado) O decreto anterior non se asinou por estar descadrado o nome da secretaria
1424/2022	11-08-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xullo e o seu pagamento
1425/2022	12-08-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 63.016,65 euros
1426/2022	12-08-2022	Designación nominal secretaria suplente do tribunal para a convocatoria concurso-oposición relación candidatos axentes de protección civil interinos
1427/2022	12-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCOC
1428/2022	12-08-2022	CM Memoria técnica e doc Festival Rock 2022
1429/2022	17-08-2022	Modificación resolución voda de Alberto Iglesias Vázquez e Natalia María Grela Blanco por imposibilidade de asistencia concelleira.
1430/2022	12-08-2022	Aprobación xestión padroal das baixas dende 1 ao 31 de xullo de 2022
1431/2022	12-08-2022	Aprobación xestión padroal das altas e modificacións dende 1 ao 31 de xullo de 2022
1432/2022	17-08-2022	Servicio técnico (son e iluminación) para 2 actos Axenda de Agosto 2022
1433/2022	17-08-2022	Contrato Menor para a produción da I Mostra de Asociacións do Concello de Cambre
1434/2022	17-08-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de xuño 2022
1435/2022	17-08-2022	Denegar a axuda emerxencia social para material escolar. Solicitante: IGM
1436/2022	17-08-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o límite de ingresos establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: IRG
1437/2022	17-08-2022	Autorización de venda ambulante ocasional no Rock in Cambre 2022
1438/2022	17-08-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o límite de ingresos establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMMJ



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1439/2022	17-08-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o límite de ingresos establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: GHCM
1440/2022	17-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DMA
1441/2022	18-08-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 20.685,16 euros
1442/2022	18-08-2022	Recoñecemento extraxudicial de créditos num.4 A, por importe de 617,31 euros
1443/2022	18-08-2022	Aprobación del Plan de Acción relativo al informe resumen anual de las actuaciones de control interno 2021, emitido por la intervención municipal
1444/2022	18-08-2022	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe comunitario situado na rúa otero pedraio, núm. 7-9, parroquia do Temple, garaxe pequeno cun único acceso situado entre os portais núm. 7 e 9 da rúa otero pedraio. expediente de actividade núm.: 04/15/03. Solicitante: C. Propietarios
1445/2022	18-08-2022	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude dende o día 18 ao 22 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos
1446/2022	18-08-2022	Convocatoria y bases Obradoiro "PROXEDIS CAMBRE" 2022-2023

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- A) Aprobación da “memoria para a mellora e reparación dun tramo da rúa Luis Seoane para tráfico compartido”
- B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C005/000013 por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente ao montaxe do evento “Open Science Cambre” do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022, con opción de prórroga ao 2023

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A) APROBACIÓN DA “MEMORIA PARA A MELLORA E REPARACIÓN DUN TRAMO DA RÚA LUIS SEOANE PARA TRÁFICO COMPARTIDO”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: LhkszOTSMI76m5/l2lAg) relativa á aprobación da “Memoria para a mellora e reparación dun tramo da rúa Luis Seoane para tráfico compartido”, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E OBRAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Concello de Cambre dispón da “Memoria para a mellora e reparación dun tramo da rúa Luis Seoane para tráfico compartido”, redactada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electrónicamente o 19 de agosto de 2022.

Este proxecto ten por obxecto realizar unha intervención que adecúe o pavimento ás solicitudes que está sometido, conxugando esta solicitude física coa necesaria estética de espacio vinculado á prioridade peonil. Este espacio atópase actualmente pavimentado con baldosas hidráulicas e debido a súa exposición ao tráfico rodado pesado, provocouse a rotura dun número indeterminado de baldosas.

Polo tanto, o pavimento presenta un estado deficiente, tanto estética como funcionalmente, non respondendo ás esixencias requiridas para o seu uso, e supoñendo un perigo latente polas posibles caídas que poidan producirse entre os usuarios ou transeúntes que circulen por este espacio, debido aos resaltes que hai pola falta de partes de baldosas que se foron deteriorando.

As obras que se poden encadrar como un traballo de mantemento e de poca entidade, consisten en:

- Corte e demolición do pavimento existente con medios mecánicos e manuais, incluso carga e transporte de residuos a vertedoiro autorizado.
- Barrido da superficie e preparación da mesma mediante picado e superficie adherente, para a execución do novo pavimento.
- Realización do novo pavimento con vertido, extendido, regleado e vibrado de hormigón HM-2/P/20/Ila, armado con fibra de polipropileno, nunha superficie de 42m² e cun espesor mínimo de 15 cm; acabado fratasado a máquina, incluso realización de P.P. de juntas segundo criterio da D.F.
- Adaptación, á nova configuración do pavimento, da rexilla de recollida de pluviais existente no acceso ao garaxe do inmueble sito en Luis Seoane, 2.
- Incluído sinalización da obra, xestión de residuos, medidas de seguridade e saúde e limpeza final.

Por todo elo,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar a “Memoria para a mellora e reparación dun tramo da rúa Luis Seoane para tráfico compartido”, redactada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, asinado electrónicamente o 19 de agosto de 2022.

Segundo: Notificar aos interesados.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 19 de agosto de 2022 (CVD: LhkszOTSMI76m5/l2lAg), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2022/C005/000013 POR PROCEDIMENTO ABERTO, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA (FACTOR PREZO) CORRESPONDENTE AO MONTAXE DO EVENTO “OPEN SCIENCE CAMBRE” DO PROGRAMA TDI

(TODOS DEBEN INVOLUCRARSE) A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NOS ANOS 2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA AO 2023

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de agosto de 2022 (CVD: hHtr3jNTSYT8EXHSJpIQ), relativa á aprobación de expediente de contratación núm. 2022/C005/000013 por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente ao montaxe do evento “Open Science Cambre” do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022, con opción de prórroga ao 2023”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data do 22 de agosto de 2022 asinouse pola enxeñeira de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanõe, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento para a contratación dos suministros e servizos correspondentes a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento “Open Science Cambre” do programa (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2.022, con opción de prórroga a 2023, cun valor estimado total de 36.248,61 euros, e un orzamento base de licitación 19.936,74 euros, IVE incluído (CVD: xaMhSrx0IXkE0OhiJVGo).

Visto que con data de 19 de agosto de 2.022 asínase, tamén pola enxeñeira de obras públicas municipal, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e penalidades aplicables (CVD: h/T0q0ZLoM7wo9R1JDkG), así como as prescricións técnicas que reixerán a presente contratación (CVD: mul95VOIRsbHFYr8PN0F).

Visto que consta documento de retención de crédito adecuado e suficiente emitido polo interventor municipal con data de 27 de abril de 2022 (código de validación YITNU-H53F3-LBIW).

Vista a providencia de inicio asinada con data 22 de agosto de 2.022 (CVD: PZSA1HV6JWnldDN36mMp) na que se propón o procedemento simplificado abreviado establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto que consta o prego de cláusulas administrativas asinado pola secretaria accidental con data de 22 de agosto de 2.022 (CVD: N5lsR4xgUTldqgHM7XMu).

Visto o informe proposta asinado pola secretaria accidental e o interventor municipal con data de 22 de agosto de 2022 (CVD: 9n+WckWwBQfLFi18roK6).

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura (art. 25.2 apartados l) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), así como na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Mocidade de Galicia, co que se persegue contratar os servizos e subministracións necesarios para a Feira de ciencia (instalación eléctrica temporal necesaria e memoria técnica), todo iso co obxectivo de educar aos seus usuarios en valores cívicos para converter aos xóvenes nunha peza fundamental dentro da súa

comunidade, e utilizando o lecer como unha útil ferramenta para conseguir os devanditos obxectivos, a través de programas e actividades encamiñados a converter á mocidade no soporte do futuro. Un destes programas é TDI (Todos Deben Involucrarse), que apoia as iniciativas xuvenís, ofrecéndolles a axuda necesaria para poder celebrar eventos de interese xuvenil que estean protagonizados polos propios xóvenes, buscando favorecer a participación, o espertar da curiosidade científica, a dinamización da comunidade na que viven ou fomentar estilos de vida saudables, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C005/000013, por procedemento aberto, cun único criterio de adjudicación de apreciación automática (factor prezo) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Contrato Mixto de subministracións e servizos correspondente á Montaxe do evento "Open Science Cambre" do programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre
- Lotes
Lote 1: Instalación eléctrica temporal
Lote 2: Memoria técnica
- Orzamento base de licitación: 19.936,74 euros, IVA incluído
- Valor estimado: 36.248,61 euros
- Duración: Anualidade 2022, con posibilidade de prórroga ao ano 2023

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,156 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na cláusula 16.1 do PCAP, así como no artigo artigo 159.6.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, désígnanse como integrantes da unidade técnica de asistencia á técnica de xestión de administración xeral adscrita á Secretaría Municipal e á enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de agosto de 2022 (CVD: hHtr3jNTSYT8EXHSJplQ), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López